



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 1 de outubro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación e o plan de restauración da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "MONTERREY" núm. 204, situada no termo municipal de Vilalba na provincia de Lugo.**

En cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación e o plan de restauración da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "MONTERREY" núm. 204, situada no termo municipal de Vilalba na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación e o plan de restauración se atopa dispoñible ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería (<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>). As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas á xefa territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 1 de outubro de 2020.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

*(Disposición transitoria terceira do DECRETO 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, DOG 18.09.2020)*

2448

### CONCELLOS

#### CERVO

##### *Anuncio*

Aprobada inicialmente en sesión plenaria ordinaria de data 23 de xullo de 2020 a modificación do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil, ao non terse presentado reclamacións contra a mesma, procédese a publicar o texto completo da citada modificación, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP

#### **"Artigo 9.- Horarios**

A Escola Infantil Municipal de Cervo poderá prestar servizos de luns a venres, ambos inclusive, durante todo o ano, agás os días festivos, sábados e domingos.

A Escola Infantil permanecerá aberto de 8.30 a 19.00h.

A Escola Infantil poderá pechar, en función da demanda, os meses de xullo ou agosto, ou reducir o seu horario de tarde durante este período.

O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será de 8 horas diarias.

O alumnado deberá gozar dun mes enteiro de vacacións dentro do período de setembro a agosto do curso escolar.

En casos excepcionais debidamente xustificados poderase admitir a asistencia do neno ou da nena durante 12 meses ao ano. En tales circunstancias deberase formular unha solicitude con antelación mínima de un mes, que será no seu caso autorizada pola Xunta de Goberno Local, previos os informes que procedan emitidos ao efecto.

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios da Escola Infantil. Este poderá modificarse polas necesidades do servizo ou pola demanda e de acordo coas dispoñibilidades de recursos humanos e orzamentarios do concello.

#### **Artigo 14.- Solicitudes presentadas fóra de prazo**

Admitiranse as solicitudes presentadas fóra de prazo ata o último día do mes de maio do curso corrente.

Excepcionalmente, por circunstancias motivadas e debidamente xustificadas, poderán admitirse as solicitudes presentadas en calquera período. En tales circunstancias deberase formular unha solicitude, que será no seu caso autorizada pola Xunta de Goberno Local, previos os informes que procedan emitidos ao efecto.

As solicitudes presentadas fóra de prazo serán adxudicadas por orde de entrada no rexistro do Concello de Cervo, sempre e cando queden prazas vacantes.”

Cervo, 9 de outubro de 2020.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2449

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### **COBRANZA S.A.F. SETEMBRO 2020**

#### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 6 de outubro de 2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Setembro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de dous mil oitocentos oitenta e cinco euros con setenta e dous céntimos de euro ( 2.885,72€) , dos que dous mil cento vinte e oito euros con vinte e dous céntimos de euro (2.128,22€) correspondente a dependencia , e setecentos cincuenta e sete euros con cincuenta céntimos de euro ( 757,50€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 06 de outubro de 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2451

*Anuncio*

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 3º trimestre de 2020, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados oídan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do

Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 7 de xaneiro de 2021, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 07 de outubro de 2020.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2452

**OUTEIRO DE REI***Anuncio***EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN JURÍDICA**

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 8 de outubro de 2020, iniciouse expediente de desafectación do tramo de camiño catastrado como parcela 9001 do polígono 80. O tramo a desafectar discorre entre as parcelas 185 e 302 do polígono 80 do termo municipal de Outeiro de Rei.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, ábrese un prazo de información pública de un mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, durante o cal o expediente poderá ser consultado na Secretaría municipal e calquer persoa poderá alegar ou suxerir o que estime oportuno, tanto sobor a conveniencia e oportunidade da alteración, como na defensa dos dereitos e intereses dos que poidan ser lexítimos titulares.

Outeiro de Rei, 8 de outubro de 2020.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2453

**PALAS DE REI***Anuncio*

**Resolución do recurso de reposición interposto fronte ás Bases da Convocatoria do proceso selectivo para contratar un traballador/a social e anuncio de novo prazo de presentación de solicitudes.**

**ANTECEDENTES:**

**Primeiro.-** Por Resolución do Alcalde publicada no Boletín Oficial da Provincial de Lugo en data de 9 de setembro de 2020 aprobáronse as Bases Xerais da Convocatoria de Persoal Laboral Temporal para o posto de Traballador/a Social do Concello de Palas de Rei.

**Segundo.-** Con data 25/09/2020 (asento 2020-E-RE-184), recíbese na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico escrito asinado pola Presidenta do Colexio Oficial de Tráballo Social de Galicia, por medio do cal interpón recurso potestativo de reposición contra as bases da Convocatoria, concretando a súa pretensión na solicitude de anulación da Base Terceira, no que atinxe á esixencia de acreditar a condición de desempregado coa presentación da "Tarxeta de demandante de emprego rexistrado no Servizo Público de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego".

É preceptivo o informe previo do Secretario para ditar a resolución que corresponde, conforme ao previsto no artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Secretario deste Concello emitiu informe xurídico no que se sinala a lexislación aplicable e as consideracións xurídicas que logo se reproducen:

**1. Lexislación aplicable**

Constitución Española (CE)

Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)

Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido de Disposicións vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Lei de Administración Local de Galicia.

Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Localis (ROF).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Reforma de la Función Pública (LRFP)

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA)

**2. Admisión a trámite e lexitimación.**

O escrito de interposición do recurso de reposición cumpre os requisitos formais sinalados no artigo 115 da Lei 39/2015, LPA, polo que procede a súa admisión.

Cómprense igualmente os requisitos relativos ao prazo para interpoñer o recurso e órgano ao que debe dirixirse, conforme ao regulado nos artigos 124 e 123 da expresada lei.

A corporación recorrente está lexitimada para a interposición do recurso, en virtude do establecido no artigo 116, en relación co artigo 4 da Lei 39/2015.

**3. Órgano competente e prazo para resolver.**

É competente para resolver o Alcalde, por razón da materia, de conformidade coas atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, LRBRL e artigo 61 da Lei de Administración Local de Galicia.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do recurso é de un mes, a contar desde a data da súa presentación.

Sen prexuízo dos efectos derivados de non ditar a correspondente resolución expresa, advírtese da ineludible obrigación de resolver e notificar a resolución, nos termos regulados no artigo 21 da Lei 39/2015.

**4. Fondo do asunto.**

A base argumental que se recolle nos parágrafos terceiro, cuarto e quinto do apartado dos feitos descritos no recurso de reposición é una transcripción literal do informe emitido sobre esta materia pola Oficialíz Mayor da Diputación Provincial de Badajoz en setembro de 2012, coas oportunas actualizacións das referencias normativas vixentes na actualidade.

Referencia: (file:///C:/Users/USUARIO/AppData/Local/Temp/sael\_255.ij.12.pdf).

Anque non sexa de aplicación ao presente caso en toda a súa extensión, acóllense neste informe e proposta de resolución aqueles asertos que se refiren especificamente ao suplicatorio do recurso de reposición presentado, que se dan por reproducidos como propios.

En efecto, a consideración dos preceptos constitucionais expresados en relación coa normativa invocada en materia de función pública e réxime local, sen esquecer a regulación concreta e de aplicación directa ao persoal ao servizo das entidades locais que se contén na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permite concluír que o establecemento da obrigatoriedade de estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Galicia non pode establecerse como requisito de participación na convocatoria do proceso selectivo en cuestión, e choca frontalmente cos principios legalmente establecidos para o acceso ao emprego público.

Suposto diferente sería a contratación derivada de Convenios de colaboración ou programas cofinanciados por outros organismos públicos con competencia na materia, dirixidos á mellora ou o fomento da empregabilidade mediante a execución de proxectos de interés público local, nos que é habitual o establecemento de ese requisito, así como una serie de condicións de carácter económico e social. Pero non é este o caso que nos ocupa.

Visto o anteriormente exposto e asumindo os fundamentos de dereito e proposta de resolución formulada polo Secretario deste Concello, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións normativas concordantes, polo presente

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Declarar a procedencia e admisión do recurso de reposición interposto pola Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, por cumprir os requisitos formais e de lexitimación legalmente establecidos.

**SEGUNDO.** En consideración aos fundamentos expresados no mesmo escrito en que se materializa o recurso e as consideracións vertidas no preceptivo informe do Secretario da Corporación, estímase a pretensión que se substancia no suplicatorio, polo que se declara a nulidade do requisito consistente na obrigatoriedade de presentar a "Tarxeta de demandante de emprego rexistrado no Servizo Público de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego" establecido na Base Terceira da Convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para o posto de Traballador/a Social do Concello de Palas de Rei, publicada no Boletín Oficial da Provincial de Lugo en data de 9 de setembro de 2020, permanecendo inalterables as Bases nos demais aspectos obxecto de regulación.

**TERCEIRO.** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa que se anuncia nova convocatoria do proceso selectivo.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán presentar a súa solicitude e a documentación requirida nas Bases da convocatoria (con excepción da tarxeta de ddemandante de empleo inscrito en el Servicio Público de Galicia), publicadas no BOP de Lugo do 9 de setembro de 2020, no prazo de cinco días anturais, a contar desde a data de publicación do anuncio anteriormente expresada.

**CUARTO.** De conformidade co previsto no artigo 51 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dispónse a conservación de todos os actos e trámites practicados ata esta data, por canto se manteñen igual ao non resultar afectados pola infracción.

Sen prexuízo do anterior, considerando o escrupuloso ao principio de igualdade, as persoas que teñan presentada a solicitude na convocatoria publicada con data 9 de setembro de 2020, poden aportar nova documentación de méritos que puideran acreditarse con referencia á data da nova convocatoria, segundo o disposto nas Bases reguladoras do proceso selectivo.

**QUINTO.** Notifíquese esta resolución ao interesado, con expresión dos recursos que legalmente procedan.

Palas de Rei, 09 de outubro de 2020.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2476

## RÁBADE

### Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 7 de outubro de 2020 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa fomento do emprego 2020", que a continuación se relaciona:

- 2 peóns especialistas, adscritos ao servizo municipal de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas.
- 1 administrativo/a de apoio ás oficinas xerais municipais.

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade, na páxina web [www.rabade.org](http://www.rabade.org) e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Rábade, 09 de outubro de 2020.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2454

---

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **7 de outubro de 2020** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de setembro de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 07 de outubro de 2020. O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R, 2455

---

## SARRIA

### *Anuncio*

#### **Bases e a convocatoria do premio XX PREMIO DE POESÍA “FIZ VERGARA VILARIÑO”**

1-O Concello de Sarria coa colaboración da Agrupación Cultural Ergueitos convocan o XX Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño.

2-As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega. A escolla ortográfica de cada obra presentada non será obxecto de valoración por parte do xuri.

3-A extensión mínima será de 500 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e nonpremiados en ningún outro certame.

4-Os traballos presentaranse por cuadruplicado en exemplares separados,grapados ou encadernados, en tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara.Acompañaranse dun sobre pechado no que conste o título ou lema da obra no exterior, contendo no interior o nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do documento de identidade, enderezo, teléfono e correo electrónico. Enviaranse por correo certificado a :

#### **XX PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO,**

**Concello de Sárria , rúa Maior 14, 27600 Sárria.**

O prazo para a súa presentación será de 30 días naturais dende o día seguinte a publicación no BOP de Lugo.

5-Establécese un único premio indivisíbel dotado con 6.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xuri poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.

6-O xuri estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou crítica literaria. Actuarán como Secretaria e Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitos e como Presidenta e Concelleira de Cultura de Sárria, as dúas con voz e voto. A decisión do xuri será inapelábel e será dada a coñecer antes do 30 de decembro de 2020

A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de Premiada no “XX PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO”.

8-Os orixinais non premiados non serán devolto e serán destruídos. Logo feito público o ditame a organización poderá abrir as plicas das obras non premiadas para promocionar as seguintes edicións do premio, agás indicación do contrario no exterior do sobre. Non se manterá correspondencia cos autores e autoras.

9-A Interpretación destas bases correspóndelle ao xuri. A participación no certame implica a súa aceptación.

Sarria, 13 de outubro de 2020.- O alcalde, Claudio M. Garrido Valenzuela.

R. 2478

## VIVEIRO

*Anuncio*

Con data de 13 de outubro do 2020, por Resolución de Alcadia, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

<b>Tributo</b>	<b>Exercicio</b>	<b>Importe</b>
<b>Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas (Vados)...</b>	<b>2020.....</b>	<b>45.093,26-€</b>

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **21 de outubro** de 2019 ata o **21 de decembro** de 2020, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidades teñen estabrecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 09 de novembro de 2020 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro , 14 de outubro de 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2487

## XERMADE

*Anuncio***Asunto: aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito núm. 2020/TC/06.**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 8 de outubro de 2020, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2020/TC/06, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito, por importe de 20.000,00€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 09 de outubro de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2450

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO

#### *Anuncio*

D. RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE LUGO.

